

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 21/03/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . Belén Cachafeiro Anta, en substitución de D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025007465)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 8J3DQH9FEHZWMEIR), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de febreiro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO ENTRE A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A EMPRESA VALGENETICS S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA DE DIAGNÓSTICO DE FITOPLASMAS PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE FLAVESCENCIA DOURADA MEDIANTE SECUENCIACIÓN MASIVA (EXPTE.: 2023017030)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO ENTRE A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A EMPRESA VALGENETICS S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: DESARROLLO DE UNA PLATAFORMA DE DIAGNÓSTICO DE FITOPLASMAS PARA LA DETECCIÓN TEMPRANA DE FLAVESCENCIA DORADA MEDIANTE SECUENCIACIÓN MASIVA. EXPEDIENTE 2023017030

A Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) téñ un convenio de colaboración coa empresa biotecnolóxica Valgenetics S.L., con sede en Valencia, para o desenvolvemento do proxecto: DESARROLLO DE UNA PLATAFORMA DE DIAGNÓSTICO DE FITOPLASMAS PARA LA DETECCIÓN TEMPRANA DE FLAVESCENCIA DORADA MEDIANTE SECUENCIACIÓN MASIVA”. O día 19/02/2025 reuniuse en formato on line a comisión de seguemento. Os temas tratados foron o resumo das tarefas desenvolvidas no ámbito dos obxectivos do proxecto durante o ano 2024 e a exposición das actividades previstas para o continuación do convenio.



*No ano 2024 analizáronse 50 mostras de ADN obtido de follas e de exemplares do vector *Scaphoideus titanus* por diferentes técnicas moleculares (nested-PCR e secuenciación) para a detección do fitoplasma causante da enfermidade denominada flavescencia dorada na vide.*

De cara o ano 2025 está previsto a elaboración dun artigo de investigación cós resultados acadados.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

Asdo.: Olga María Aguín Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA PUBLICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2025 (EXPTE.: 2025003022)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“No BOP nº 49 do pasado 13 de marzo de 2025, publicáronse as Bases para a concesión subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio 2025:

1. Beneficiarias/os Calquer cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.
2. Actuacións subvencionables Subvencións para apoiar ás entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto: a comercialización, transformación e valorización das producións, a formación técnica e innovación tecnolóxica, a posta en uso de enerxías renovables, actuacións para mellorar a calidade dos produtos, construcións, equipamentos, instalacións, melloras en edificios e accesos os mesmos, mobiliario, e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados aos seus socios.
3. Contía 350.000,00 €



4. Prazo de presentación Apertura do prazo: 14 de marzo de 2015 Fin do prazo: 10 de abril de 2025

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Medio Ambiente:

María Concepción López Paz”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- DAR CONTA DA PUBLICACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS COFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE COFRARÍAS E AGRUPACIONS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EJERCICIO 2025 (EXPTE.: 2025003039)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“No BOP nº 49 do pasado 13 de marzo de 2025, publicáronse as Bases para a concesión de subvencións dirixidas ás confrarías de pescadoras e pescadores, federación de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para investimentos e gastos correntes durante o exercicio 2025:

1. Entidades beneficiarias Confrarías de pescadoras e pescadores, Federación Provincial de Confrarías e agrupacións de mariscadoras, co requisito nos tres casos de que estean legalmente constituídas e pertencen á provincia de Pontevedra.

2. Actuacións subvencionables

1. Investimentos:

- Material para vixilancia
- Elementos de transporte



- Equipos informáticos, impresoras, etiquetadoras
- Mobiliario
- Caixas e palés reutilizables
- Construcións
- A formación técnica e o asesoramento para desenvolver a actividade das confrarías e da Federación de Confrarías Sempre e cando estas actuacións se contabilicen pola entidade beneficiaria en contas contables do grupo de inmovilizado.

2. Permitirase subvencionar, con carácter extraordinario, actuacións que teñan como obxecto o seguinte gasto corrente:

- Combustible e electricidade
- Adquisición de semente de moluscos bivalvos
- Gastos de persoal
- Organización e desenvolvemento de xornadas divulgativas e promocionais dos produtos do mar, e de encontros sectoriais de convivencia e de fomento da igualdade.
- Roupa impermeable ou hidrotérmica para levar a cabo a actividade pesqueira-marisqueira.
- Caixas de porespán e plásticas non reutilizables, bolsas, sacos e láminas plásticas, traballos de pintura e reparacións de locais ou instalacións e outros similares.

3. Contía Subvencións para investimentos 150.000,00 €

Subvencións para gastos correntes 200.000,00 €

4. Prazo de presentación Apertura do prazo: 14 de marzo de 2015

Fin do prazo: 10 de abril de 2025

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Medio Ambiente: María Concepción López Paz

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

5.- ROGOS E PREGUNTAS



Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

